



COLOQUIO-HOMENAXE  
**XOSÉ LOIS GARCÍA**

AJUNTAMENT  
DE SANT ANDREU DE LA BARCA

XOSÉ LOIS  
GARCÍA

COLOQUIO HOMENAXE

CHANTADA

13-14 DE AGOSTO

2005

*Coordinación*

CRISTINA MELLO

PEPE DE REQUEIXO

BARCELONA

2006

Título XOSÉ LOIS GARCÍA  
COLOQUIO HOMENAXE  
CHANTADA, 13 E 14 DE AGOSTO DE 2005

Autor VÁRIOS

Coordenação CRISTINA MELLO  
PEPE DE REQUEINO

Desenho da Capa NORTO MENDEZ GONZÁLEZ

Edição AJUNTAMENT DE SANT ANDREU DE LA BARCA

Depósito legal 245106/06

Data de saída Julho de 2006

Execução gráfica 7Amigos | Artes Gráficas, Lda.  
4710-053 Gualtar-BRAGA pt  
Tel. 253 603 270 – Fax 253 679 758  
art.es.graficas@appacdm-braga.com

familiares ou de coñecidos pouco identificados – por non dicir totalmente alleos ou opostos – co movemento da Nova Canción Galega – ou Voces Ceibes – que estaba a conformarse nesas datas.

Neses anos, que eu saiba, aínda Xosé Lois non publicara nada, mais si xa apareceran algúns títulos da colección poética Val de Lemos da Editorial Xistral que Manuel María e Saleta sostiveron nas terras de Lemos. Inclusive algúns poemas de libriños desa colección – p.e. “Eu son a voz do povo” ou “Loitemos”, de Lois Diéguez – foron interpretados e gravados por algún destes denominados cantautores ou cantores, concretamente Benedicto. Mais tamén musicaran textos doutros autores e editoriais, como Celso Emilio, nomeadamente, Salvador García-Bodaño ou Alfredo Conde. Como, por outro lado, o profesor Carballo Calero, que me ensinou literatura galega contemporánea en 5.º ano, curso 72-73, gustaba moito deste tipo de poesía chamado social, social-realista ou calquera outro adxectivo similar, tiven que agardar algún tempo para me familiarizar co conxunto da literatura en verso que se estaba a facer polos finais dos anos sesenta e principios dos setenta. Tanto é así que non tiñamos ningún libro de Celso Emilio entre os de lectura obrigatoria obxecto de exame. Nalgún sitio xa teño contado que un grupiño de 3.º de Historia que tamén cursaban esa asignatura de maneira optativa – coma min, do último ano de Filoloxía Hispánica – pretendera que o profesor cambiara a listaxe de libros. Solicitaban, como non, a presenza de Ferreiro, entre outros. O líder de tal grupo, se non lembro mal ou me trabuco, era Ventoso Mariño, quen hai uns anos chegaría a ser alcalde de Ribeira e parlamentario autonómico polo PSOE.

Mais a ausencia de comentarios críticos do profesor Carballo a ese tipo de poesía comprometida, característica da citada colección Val de Lemos, por exemplo, non se cixiu ás aulas. Na súa magna e aínda hoxe fundamental *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (2.ª ed. de 1975 e 3.ª de 1981) non hai alusión a eses novos e novas autoras. Que eu lembre tampouco escribiu sobre o tema en ningunha que outra parte.

Pola súa parte, Francisco Fernández del Riego no derradeiro capítulo – “Notas literarias de hoxe” – da *Historia da literatura galega* (5.ª ed. de 1981) fai unha lixeirísima alusión a algúns autores “con obra xa feita, e prometedora nalgúns casos” nados despois do ano 1940: Alfredo Conde, Lois Diéguez, Manuel Rodríguez López, Xesús Rábade, Darío Xohan Cabana e Margarita Ledo Andión.

Xosé Lois non aparece para nada – tampouco Vicente Araguas, e iso que xa tiñan publicados libros de seu. Eu acredito totalmente – se cadra se for obra doutras xentes non o faría tan así – no que Fernández del Riego manifesta no “Limiar” desta obra divulgativa: “esta breve historia se non escribiu con prexuício crítico algún, sinón dacordo cunha estimación de valores e un paseniño considerar o senso íntimo da nosa literatura, que coidamos de entendemento sereio”.



Os dous remarcan a singularidade de Galiza e a súa liberdade nun marco de reivindicación activa na que senten un especial aprezo polas nacións máis pobres. Hai unha loita pola igualdade e contra todo sintoma de colonialismo e escravitude. A identificación que profesan coa súa patria obrigaos a estar abertos ao clamor de calquera criatura que viva ameazada.

Si Manuel María foi fiel ata a fin no seu compromiso con Galiza, o combativo Xosé Lois tampouco fai reservas nesta entrega, un lembra a súa reacción cando queimaron a Biblioteca do Centro Galego de Barcelona e berraba: "Hai xente interesada en facer desaparecer a nosa cultura. A biblioteca do C.G. é un testemuño da nosa identidade como Nación. Con queimar a obra dos nosos devanceiros o pobo galego non vai desaparecer" (1978) <sup>5</sup>.

Nesta declaración o escritor aposta polas particularidades que definen o noso pobo, unha loita que xa tiña demostrado nas súas iniciativas, sobre todo a prol do idioma, un dos piares da liberdade, e tamén aquí atopara no poeta Manuel María un loitador que ata creou unha sociolingüística que supuxo unha análise rigorosa do estado do galego. Entrega que Xosé Lois agradeceu nos sonetos que lle dedicaría coma homenaxe na Revista *Xistral*.

## 2. Xurdiu unha amizade sen crebas

Xosé Lois despedíase así de Manuel María ao pé do "auto de linea" que o levaría a Chantada: "imos ser bos amigos", despois dunha xornada tan luminosa no verán do 72.

O poeta de Monforte incidía nos amigos e compartía con eles todo o seu coñecemento, incommensurábel como a súa personalidade, o compromiso, a liberdade, a ledicia de vivir, así lendo as súas obras inserín que sen dúbida, tamén colaborou na afinación desa sensibilidade especial que Xosé Lois ten para ler e interpretar a simbólica artística, dende unha formación autodidacta moi ampla, pero que foi enxergada nos dous a través desa aposta pola arte popular, enraizada na paisaxe, con ese sentido telúrico que os anima. Froito desta comunión coas esenciais do pobo, agasallounos cun traballo definitivo sobre a simboloxía románica que é unha investigación moi sutil.

Axiña o escritor afincado en Catalunya foi guieiro de Manuel e Saleta por Barcelona, coma quedou reflectido nos versos da "Lembranza" do seu primeiro libro, viviron xuntos toda a riqueza artística da cidade e tamén as eivas dun crecemento urbano con moitas tachas, pero Xosé Lois aínda foi compensado moito máis no seu percorrido con eles polo románico da Ribeira Sacra

---

<sup>5</sup> Manuel Rodríguez López, *Galegos en Catalunya 1978-1982*, Centro Galego, Barcelona, 1982, p. 228.